



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

# CASA DAS CANTIMPLORAS

## A pegada das Américas



### Localización

Coordenadas 41.945697, -8.764397

**Tipo de ben:** vivenda

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Goián

**Lugar:** Avenida Ordóñez

**Cronoloxía:** 1910

**Construtor:** descoñecido

**Promotor:** Ramona Palomino

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** habitada

**Estado de conservación:** bo. Reformado

### Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta rectangular e tellado a dúas augas. Sábese que tivo reformas posteriores, algunhas delas apreciables a simple vista, como a reconversión das tres portas orixinais da fachada principal en ventás. Estas portas servían de acceso a vivenda e a unha tenda que se situaba na parte baixa. Destacan os reforzos pétreos das esquinas mediante perpiaños, as molduras pétreas que resaltan perimetralmente os vans e o recubrimento cerámico da fachada que dá á rúa, e que foron colocados con posterioridade á construción orixinal.

Neste caso a vivenda estrutúrase nunha planta máis faiado, diferenciadas ao exterior grazas á liña de imposta que separa os dous pisos e na que se dispón a data de construción: 1910. Esta diferenza tamén a marca a diversidade dos vans. Na parte baixa estes son máis anchos e rematados nun arco escarzado con clave destacada e decoración xeométrica tallada. Na alta soamente se dispón unha ventá central con arco apuntado. A vivenda está realizada en cachotería recibada recuberta na fronte por azulexos de cor azul e no resto dos muros por pintura e ten unha clara influencia dos *cottages* ingleses, que lle dan un aspecto pintoresco. Tamén se aprecian influencias da arquitectura americana no uso da cor e das tendencias historicistas, na utilización do arco apuntado, que combinado con outros elementos dan como resultado unha vivenda moi ecléctica en canto a estilo.

### Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: GOI-11

**Tomiño**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA